



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000033

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e cinco minutos do día dezaeito de setembro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 504 de data 17 de setembro/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño. Non asiste por causas xustificadas dona Rosa Ana García López.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 10.09.24 (ORDINARIA).-

A tenente de alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 10.09.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-APROBACIÓN DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO DE COMUNIDADES ENERXÉTICAS NO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Vista a necesidade de proceder á contratación do servizo de asistencia técnica para a elaboración dun plan estratéxico para a creación de comunidades enerxéticas no concello co obxectivo da implantación dunha ou varias comunidades enerxéticas así como para a xestión de subvencións e axudas diversas do IDEA, Xunta de Galicia e outros organismos así como programas europeos Next Generation, Interreg da Unión Europea... incluíndo a exposición ao público e creación de figuras xurídicas, elaboración de memorias e documentación técnica.

Ao tratarse dun concello cun cadro de personal cun número de efectivos moi axustado resulta materialmente imposible a realización das tarefas adecuadas para a creación de comunidades enerxéticas coa finalidade de acadar os obxectivos da Axenda 2030,

Transición Enerxética e así contar con recurso de dispor no Concello unha enerxía removable de proximidade para a veciñanza e empresas contribuíndo ao obxectivos de descarbonización e sostenibilidade.

Ao tratarse dun Concello comprometido coa sostenibilidade e descarbonización en liña cos obxectivos da Unión Europea e a taxonomía verde buscando reducir as emisións de gases efecto invernadoiro cunha produción e consumo de enerxía máis eficiente, que conta con obxectivos de transición cara un modelo enerxético máis sostible, coa implementación de sistema de xeración distribuída para aumentar a resiliencia e eficiencia do sistema enerxético local; todo isto conleva beneficios económicos e sociais derivados da creación de comunidades enerxéticas e alineándose coas directrices da Unión Europea en material de sostenibilidade e transición enerxética.

Por conseguinte ao non contar con medios propios adecuados e suficientes debe solicitarse orzamento a empresa ou empresas especializadas no sector ao abeiro do artigo 131.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público. O que non debe permitirse é que transcurra máis tempo sen levar a cabo o análise estratéxico, diagnose e tarefas inherentes para a elaboración do plan estratéxico de comunidades enerxéticas do Concello de Valdoviño.

Por conseguinte vista a necesidade de tramitar o servizo de asistencia técnica para a elaboración dun plan estratéxico de comunidades enerxéticas no Concello de Valdoviño foi solicitado orzamento a empresa especializada no sector e con acreditada solvencia técnica e profesional. En concreto consta no expediente o orzamento remitido por INGENIA2 Ingeniería y Consultoría, S. Microcoop. De CLM en data 05/09/2024 por importe de 16.879,50 euros (IVE incluído) pola prestación do servizo de Asistencia Técnica para a elaboración dun plan estratéxico para a creación de comunidades enerxéticas no Concello de Valdoviño durante un período de 6 meses.

Polo tanto ao ser o seu valor estimado inferior a 15.000,00 € máis IVE, o contrato menor, da a natureza do suministro, esta Alcaldía estima máis adecuado que a utilización de calquera outros dos previstos na vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 en virtude do establecido no artigo 118.2 da devandita Lei.

Por conseguinte vista a necesidade de contratar o servizo de asistencia técnica para a elaboración dun plan estratéxico de comunidades enerxéticas no Concello de Valdoviño esta Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

Primeiro.- Que se autorice a tramitación do procedemento para a adxudicación do servizo de asistencia técnica para a elaboración dun plan estratéxico de comunidades enerxéticas no Concello de Valdoviño durante 6 meses con cargo ao orzamento de gastos na aplicacións orzamentarias 165.22706 /933.22706 /433.22706 por un importe de 16.879,50 €

Segundo.- Comprobada a existencia de crédito adecuado e suficiente solícita a contabilización da fase de gasto autorizado contra as aplicacións orzamentarias 165.22706 /933.22706 /433.22706 por un importe de 16.879,50 € para a execución do servizo de asistencia técnica para a elaboración dun plan estratéxico de comunidades enerxéticas no Concello de Valdoviño durante 6 meses

Terceiro: Comprometer o gasto (fase D) por importe de 16.879,50 euros contra aplicacións orzamentarias 165.22706 /933.22706 /433.22706 por un importe de 16.879,50 € a favor da empresa INGENIA2, INGENIERÍA Y CONSULTORÍA, S. MICROCOOP. DE CLM especializada no sector ao abeiro do artigo 131.3 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público (BOE nº 272 de data 9 de novembro de 2017).

Cuarto: Adxudicar o servizo de asistencia técnica para a elaboración dun plan estratéxico de comunidades enerxéticas no Concello de Valdoviño durante 6 meses á mercantile INGENIA2, INGENIERÍA Y CONSULTORÍA, S. MICROCOOP. DE CLM por importe de 16.879,50 euros (IVE incluído) ao abeiro oferta presentada en data 05/09/2024 segundo o orzamento número 1 002434 de data 05/09/2024.

Quinto: Dar traslado deste acordo á Intervención e á Tesourería municipais.

Mándao e asíno o alcalde, Alberto González Fernández en Valdoviño, na data que consta ao marxe. (asinado dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C002/000017).

3º.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/26.-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/26

Elabórese a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/26 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 9 facturas ascende á cantidade de CENTO DEZAOITO MIL NOVECENTOS OITENTA EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (118.980,31 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/26 por importe bruto de 118.980,31 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. Dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/X999/000141).

4º.- EXPEDIENTES DA AREA DE URBANISMO.-

A.- Validación de documentación complementaria en licenza de construción unifamiliar.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA .

VALIDACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA E LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE ICIO EN LICENCIA DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

.- Expte. de obras 122/2006.- (sustituye a)
.- Para as obras complementarias realizadas na parcela situada no Lugar de A Carreira, 96, na parroquia de Sequeiro.

A vivenda unifamiliar, xunto ao pozo de captación de auga e fosa séptica, obtivo licencia municipal de obras a nome de e M^a por acordo da Xunta de Goberno Local de data **07/12/2006** con base á seguinte documentación:

- Proxecto Básico de construción de vivenda unifamiliar aillada, redactado pola arquitecta Xulia Cortizas Díaz, achegado o 30/05/2006 e visado o 20/04/2006 e proxecto de execución, achegado o 31/08/2006, visado o 30 de agosto de 2006.

En data 05/08/2010, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización para o modificado das obras en base á seguinte documentación:

- Modificado de Proxecto Básico redactado pola arquitecta D^a. Xulia Cortizas Díaz, achegado o 30/03/2010 e visado o 7/04/2009.
- Modificado de Proxecto de execución achegado o 20/07/2010 e visado o 17/07/2010 redactado pola mesma arquitecta.

Virada visita de comprobación á edificación con motivo da solicitude de licenza de primeira ocupación, **compróbase a existencia dunha serie de modificacións con respecto ao proxecto que obtivo licenza municipal de obras.** Estas modificacións consisten en:

- En planta soto a adegua pasa a ser un cuarto de instalacións.
- En planta baixa a localización da porta de acceso ao dormitorio 1 adiántase e colócase unha porta xanela para acceder á terraza.

- A cociña independízase do salón-comedor, diminúese 20 cm a profundidade da terraza e colócanse unhas escaleiras para dar acceso a un altillo sobre a cociña, aumentando a superficie construída en 18,75 m².

Estas variacións reflíctense na Documentación “Proxecto modificado de execución para a construción de vivenda unifamiliar illada na Carreira”, redactada pola arquitecta Xulia Cortizas Díaz, visada o 13/02/2012 e achegada o 30/03/2012.

En data 13/05/2024 se adxunta ao expediente escrituras de compravenda do inmovible e documentación de D. Juan Manuel Rivas Rodríguez na que se indica que a vivenda do asunto foi adquirida por el e a súa esposa o 09/05/2019, solicitando que a licenza de primeira ocupación sexa emitida ao seu nome.

A día de hoxe non variaron as condicións urbanísticas contidas nas vixentes NNSSPP, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras.

5.2. A modificación consistente na habilitación do espazo sobre a cociña como zona de almacenamento, implica un aumento da superficie construída da vivenda de 18,75 m².

5.3. En relación ás condicións urbanísticas esta modificación supón a variación, con respecto ao proxecto orixinal, do seguinte parámetro urbanístico:

- Superficie construída: pasa de 360,90 m² a 379,65 m²

Este aumento de superficie construída, non implica un aumento de superficie ocupada en planta, nin de volumetría nin de altura, dado que o espazo que se habilita xa existía no proxecto orixinal.

Por tanto, segundo recolle o informe do arquitecto municipal de data 9 de setembro de 2024 en sentido **FAVORABLE**, a edificación segue sendo viable segundo os parámetros da ordenanza de aplicación das NNSSPP e da LSG.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica redactada pola arquitecta Xulia Cortizas Díaz, visada o 13/02/2012 e achegada o 30/03/2012.

Segundo.- Dado que o orzamento de execución material do proxecto modificado ascende á cantidade de 127.600,00 €, superior ao orzamento de execución material do proxecto para o cal se obtivo licenza municipal de obras que era de 126.950,00 €, por tanto, **deberase virar liquidación complementaria do ICIO** correspondente pola cantidade de 650,00 €, o que supón un importe de 18,20 €.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo.”

Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U022/000016).

B.- Validación de documentación técnica-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE VALIDACIÓN DE DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

.- Expte. de obras 173/2023.- [REDACTED] representado por [REDACTED] [REDACTED] Para as obras de Remodelación de vivienda unifamiliar e anexos na parcela situada no Lugar de Postamaior nº 1 na parroquia de Valdoviño e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Ramón José Rey Lage y Pedro Pablo Ríos Sánchez.

A vivenda unifamiliar obtivo licenza municipal de obras por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.10.2023 condicionada á achega da seguinte documentación debidamente visada:

- Proxecto de execución visado
- Estudo básico de seguridade e saúde visado
- Nomeamento do arquitecto técnico ou aparelador como director de execución da obra, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado por dito colexio.

En data 17/06/2024 co núm. de rexistro 202499900000971 achegase ao expediente a documentación solicitada no apartado anterior.

E visto que a documentación que se achega ao expediente é conforme e non presenta diferencias con respecto ao proxecto básico xa informado, segundo recolle o informe do arquitecto municipal de data 9 de setembro de 2024 en sentido **FAVORABLE**.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica achegada en data 17/06/2024, rexistro de entrada 202499900000971, podendo dar comezo ás obras incluídas na licenza correspondente ao expediente 173/2023.

Segundo.- Dado que o orzamento reflexado no proxecto de execución non varía con respecto a do proxecto básico non hai variación na liquidación practicada no acordo de concesión da licenza de data 26 de outubro de 2023.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo.”

Valdoviño, na data da sinatura electrónica.
O alcalde, Alberto González Fernández. ”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/U026/000171).

5º.-SUBSANACIÓN DE ERROS NA PROPOSTA DE CONCESIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2024.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A SUBSANACIÓN DE ERROS EN RELACIÓN Á CONCESIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2024.

Visto o “Informe para a subsanación de erros en relación ás solicitudes de medidas de apoio ás familias destinadas á adquisición de material para o estudo e transporte do ano 2024” emitido polo Departamento de Servizos Sociais e vista a acta da Comisión Avaliadora, o órgano colexiado que se establece no artigo 21 da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 4 das bases (anuncio no BOP N° 117 de 18 de xuño de 2024), conformado por:

- Rosa Ana García López (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcaldía- Presidente)

e que se transcribe a continuación:

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2024 (Subsanación de erros)

Reunida a Comisión de avaliación en relación ás solicitudes das MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2024 (Subsanación de erros) o día 18/09/2024 ás 09:45 horas, procédese a avaliar o informe presentado polo órgano instructor do procedemento, e que se transcribe a continuación

“INFORME - SUBSANACIÓN DE ERROS EN RELACIÓN ÁS SOLICITUDES DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2024.

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ás bases que regulan a concesión de axudas de medidas de apoio ás familias (anuncio no BOP N° 117 de 18 de xuño de 2024) e en relación ás solicitudes presentadas no rexistro do Concello

INFORMO:

Que en data 04.09.24 unhas das persoas interesada no procedemento comunica ao Concello que non figura na listaxe de concesión das axudas mencionadas, aportando os datos do rexistro da súa presentación.

Que trala comprobación conséntase que efectivamente a interesada presentou a solicitude en tempo e forma, e que cumpre cos requisitos para recoñecerlle o dereito da axuda, sendo un erro da persoa técnica na comprobación das solicitudes presentadas.

Que do crédito retido, coa aprobación das solicitudes xa valoradas, existe un crédito sobrante de 445 euros.

Que considerando a composición familiar e a súa solicitude, a axuda da beneficiaria sería a seguinte:

| Nº | NOME | DNI | Nº MENORES | % AXUDA | CANTIDADE CONCEDIDA |
|-------------------------------|------------|---------------|------------|---------|---------------------|
| MATERIAL PARA O ESTUDO | | | | | |
| 1 | [REDACTED] | ****1147 H | 3 | 100% | 270 € |
| TRANSPORTE | | | | | |
| 1 | [REDACTED] | ****1147 H | 1 | 100% | 100€ |

Que sumando este importe ao xa aprobado resultaría un **importe total de 8425 euros**

Este é o informe que se emite para que sexa elevado a Comisión avaliadora e que teña efecto a proposta de corrección de erros na valoración das axudas para a súa aprobación na Xunta de Goberno Local.

En Valdoviño a 4 de setembro de 2024

Iria García Martínez

Educadora Social (colex.3545)

Os membros da Comisión avaliadora aproban o informe presentado, coa correspondente aprobación do gasto por un importe total de **8425 euros**:

- Rosa Ana García López (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcaldía- Presidente)

Valdoviño, 18 de setembro de 2024

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da subsanación do erro na proposta de concesións das Medidas de apoio ás familias para material escolar e o transporte 2024, atendendo á acta da Comisión avaliadora, por un valor total de 8425 euros .

Valdoviño, 18 de setembro de 2024

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/A011/000001).

6º.- APROBACIÓN DO AUMENTO DE GASTO PARA REFORZO DE PERSOAL DO SERVIZO CONCILIA TEMPOS MAÑÁS (2024-2025).-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DE AUMENTO DE PERSOAL NO SERVIZO “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS 2024/25”

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, coñecendo o aumento de solicitudes rexistradas no servizo “Concilia Tempos Mañás” de conciliación da vida familiar, persoal e laboral durante o curso escolar 2024/25 e a necesidade de reforzar o persoal

vista a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos que obra no expediente e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

INFORME COMPLEMENTARIO PARA AUMENTO DE GASTO NA XESTIÓN DE “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS” PARA O CURSO 2024-2025

1. ANTECEDENTES

En data 20.08.24 aprobouse en Xunta de Goberno Local a continuación do servizo Concilia Tempos Mañás para o curso 2024/25.

O número de prazas rexistradas ata o momento eran as seguintes:

| | | |
|----------------------------|-----------|----------------|
| CPI Atios | 25 prazas | 25 solicitudes |
| CRA Esquíó (escola Taraza) | 10 prazas | 6 solicitudes |
| CRA Esquíó (escola Lago) | 10 prazas | 7 solicitudes |

No caso de Atios presentáronse dúas novas solicitudes, pasando a ser 27. Atendendo que xa o número de prazas existentes era elevado para unha atención idónea e que a conciliación é unha necesidade fundamental para as familias á que é preciso dar cobertura dende o Concello, valórase preciso aumentar unha persoa para poder acoller todas as solicitudes, sendo previsible que poida existir algunha máis nas seguintes semanas.

Este reforzo, que pasaría de dúas a tres persoas monitoras, activaríase inicialmente durante o primeiro trimestre do curso, dando marxe para coñecer a media diaria de asistencia e ver se hai rexistro de novas altas, valorando en dito momento a necesidade de continuar ou non.

2. ORZAMENTO E CRÉDITO

O crédito retido fíxose por un importe mensual de 2002 euros (máis 10% IVE) e para coñecer o custe do reforzo de persoal solicitouse un novo orzamento á empresa.

O importe mensual total considerando o dito reforzo é de 2480 euros (máis 10% IVE).

Estímase preciso reter o total da cantidade durante a duración do servizo por se finalmente é preciso continuar con ese reforzo unha vez pasado o primeiro trimestre, podendo destinarse a outro fin no caso de que non sexa preciso.

3. VALORACION

Como se indicou no seu momento, a pesares de que se solicita a aprobación da continuidade do servizo para todo o curso escolar, o obxectivo é licitar a contratación cando sexa posible ao estar os pregos administrativos en proceso de elaboración.

Por todo o exposto, ante a necesidade de dar continuidade ao servizo Concilia Tempos Mañás e acoller todas as solicitudes presentadas, infórmase da necesidade de contratar o servizo por un importe mensual de 2480 euros (máis 10% IVE), mentres non se resolta a licitación.

Valdoviño, 30 de agosto de 2024

Iria García Martínez

Educadora Social (colex.3545)

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local, aprobar o aumento do persoal do servizo Concilia Tempos Mañás para o curso 2024-2025 xestionado por Picariños Animación S.L. por un importe

mensual total de 2480 euros (máis 10% IVE), mentres non se resolva a licitación do dito servizo.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento.

O Alcalde,

Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C004/000006).

7º.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES EN AVDA. GÁNDARA DE ARRIBA S/N (MERCADO MUNICIPAL).-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Expte.: 2024/C003/000010

Obra: Mellora da eficiencia enerxética do edificio de usos múltiples en Avda. Gándara de Arriba s/n (Mercado municipal)

Aprobado o expediente de contratación de: “Mellora da eficiencia enerxética do edificio de usos múltiples en Avda. Gándara de Arriba s/n (Mercado municipal)” cofinanciado con fondos do plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea –Nexte GenerationEU (PRTR).

Consta a documentación técnica elaborado polo ESTUDIO ANTA ARQUITECTOS S.L.P. cun importe total de 351.854,19 € (IVE incluído); IVE 61.065,60 euros; prezo sen IVE (290.788,59 €).

Licitación: procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado en data 14 de agosto de 2024 a Mesa de contratación en sesión de data 16 de setembro de 2024 aperturou e examinou a documentación do sobre A e ao non terse presentado ningún licitador ao procedemento de contratación formulou proposta de declaración de deserta a licitación motivada porque ningún licitador presentou proposta no procedemento de contratación indicado.

Visto o exposto anteriormente e a proposta da Mesa de contratación de data 16 de setembro de 2024, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar deserto o procedemento de contratación de Mellora da eficiencia enerxética do edificio de usos múltiples en Avda. Gándara de Arriba s/n (Mercado

municipal) motivado porque ningún licitador presentou oferta ao devandito procedemento de contratación.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime convinte.

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000010).

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/